



PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

**COLEXIO PLURILINGÜE
"CASA DE LA VIRGEN"**

1- CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

SITUACIÓN E INSTALACIÓNS DO COLEXIO

O COLEXIO “CASA DE LA VIRGEN” está situado nun terreo pechado de 25.000 metros cadrados, poboado de árbores e xunto ao mar, en Rodeira número 12, de Cangas do Morrazo.

A través do tempo tivo que adaptarse ás diferentes normativas ministeriais ata chegar á configuración actual, hoxe en día o noso Centro é integrado, con data 30 de xaneiro de 2015 a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria autorizou dúas modalidades de Bacharelato, Ciencias e Tecnoloxía e Humanidades e Ciencias Sociais. Na actualidade impártense os tres niveis do segundo ciclo de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria, sendo trece o número total de unidades en funcionamento que contan con Concerto de tipo Pleno.

No centro impártense todas estas etapas cun equipo directivo e unha liña educativa comúns, o que permite desenvolver e coordinar tódalas actuacións educativas dos nosos alumnos/as dende que acceden ó centro ata que saen del.

A ratio por curso é aproximadamente de vinte alumnos/as

O profesorado está formado por vinteseis profesores.

Contamos nas nosas instalacións con locais e departamentos axeitados ás esixencias actuais: Laboratorio, Biblioteca, Secretaría, Aula de Plástica, Aula de Informática, Aula de Tecnoloxía, Parque Infantil, Polideportivo cuberto, dúas pistas ao aire libre, xardíns, comedor de Infantil e comedor de Primaria e Secundaria, etc...

O Centro, para a conciliación da vida familiar ofrece os seguintes servizos:

- Plan Madruga a partir das 7:30 horas.
- Comedor que funciona dende as 12:45 ata as 15:20.

Ademais proxectamos a educación fóra do horario lectivo, fomentando todas aquelas actividades escolares e extraescolares que favorecen a educación no tempo de lecer, organizando actividades culturais, promovendo asociacións, participando en concursos, etc.

As actividades extraescolares que se fan no centro son fóra do horario escolar e voluntarias para o alumnado. Dependén da demanda dos pais e alumnos/as e poden cambiar en cada curso.

O noso Centro conta con:

- Tres unidades de E. Infantil (2º Ciclo)
- Seis unidades de E. Primaria
- Catro unidades de E. Secundaria Obrigatoria
- Dúas unidades de Bacharelato: Humanidades e Ciencias Sociais e Ciencias.

As clases están instaladas na planta baixa, 2ª e 3ª do edificio central.

No primeiro andar están instalados os servizos de comedor, a capela, o servizo de elevador, Secretaría e os recibidores.

Para acceder ás clases temos dúas subidas dende a planta baixa:

- Pola dereita lévanos , no segundo andar ás clases de 1º, 2º e 3º de Primaria, Sala de Profesores, Aula de apoio, Aula de Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica e os servizos.

No entrechán están os laboratorios.

No terceiro andar, atópanse as clases de 4º e 1º de ESO, 1º Bacharelato, Aula de Tecnoloxía, Aulas de apoio e os servizos.

- Pola esquerda, no 2º andar, atópanse as clases de 4º, 5º e 6º de Primaria, a biblioteca, as Aulas de Apoio e o Despacho de Dirección.

No terceiro andar atópanse as clases de 2º, 3º da ESO, 2º Bacharelato, Aula de Informática, Aula de Plástica e Despacho de Orientación e Xefatura de Estudos.

Como complemento dos espazos empregados por cada grupo de alumnos/as de forma permanente, queremos sinalar os espazos comúns.

- Dous comedores:
 - Un para os/as alumnos/as de E. Infantil
 - Outro destinado para o resto dos cursos.

- Instalacións deportivas:
 - Un pavillón polideportivo cuberto con diverso material de Educación Física, servizo de duchas e aseos. Nos días de chuvia emprégase como salón de recreo.
 - Dúas pistas polideportivas ao aire libre para utilización diversa.

- Un parque infantil adicado aos/ás nenos/as de E. Infantil e 1º ciclo de E. Primaria.

- Un patio de recreo ao aire libre

- Un laboratorio

- Unha biblioteca

- Unha capela

- Un servizo de fotocopiadora

- Un elevador

- Unha aula de informática

Hai actividades complementarias, programadas polo centro para educar a partir da propia experiencia e nelas poden participar tódolos alumnos. Nalgunhas destas

actividades cóntase coa colaboración de diferentes organismos e institucións como: o Concello de Cangas (Benestar Social) e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Entre estas actividades podemos sinalar:

- Visitas a puntos de interese, actividades culturais: teatros, concertos, exposicións.....
- Excursións e Saídas culturais e lúdicas

Contamos coa ANPA para a organización de actividades extraescolares e a colaboración nalgúnhas actividades complementarias tales como: magosto, festival de Nadal, Entroido, Semana Cultural...

CONTEXTO SOCIOCULTURAL:

O alumnado do noso centro provén das vilas de Moaña e Cangas.

Hoxe as vilas son centros urbanos que dependen no económico da área de Vigo.

Aínda que o sector de servizos é a actividade principal, segue tendo importancia o sector pesqueiro, cada vez en menor medida a pesca en gran altura e incrementándose a pesca artesanal do día; manténdose outras actividades relacionadas coa pesca (redeiras, conserveiras, mecánicos navais, traballadores de asteleiros...)

A mellora das comunicacións por estrada con Vigo permitiu que moitos habitantes de Cangas e Moaña desenvolvan a súa actividade laboral en Vigo; sobre todo no sector sanitario. E tamén nos últimos anos favorecido pola mellor comunicación, apréciase un movemento de poboación de vigueses que optan por Cangas e Moaña como lugar de residencia.

No sector servizos, a relevancia do turismo é moi grande. A importancia paisaxística do municipio está sendo un referente turístico para a mellora económica da zona, compensando o declive doutros sectores.

2 CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO:

EDUCACIÓN INFANTIL

Entre os tres e os seis anos, o neno experimenta unha considerable evolución. Comeza este segundo ciclo da Educación Infantil cun precario control do seu propio corpo, unha socialización e unha capacidade de comunicación limitadas e un mundo afectivo incipiente. Aos seis anos, o neno ten xa un considerable dominio do espazo, un interese por relacionarse cos demais e un universo afectivo máis amplo e rico en experiencias. Ao longo deste ciclo empeza a comprender o ambiente inmediato e a manexarse en novas situacións. O xogo, a experimentación e a realización de actividades de carácter globalizado parecen un medio eficaz para conseguilo.

As peculiaridades máis relevantes dos alumnos e as alumnas destas idades, que van condicionar de forma decisiva a intervención docente na aula, son as seguintes:

Nenos e nenas de tres a catro anos

Centran a súa actividade nos xogos motores, cantan, bailan e escoitan música. Son nenos que realizan movementos grosos e finos: fan continuos desprazamentos, soben escaleiras, saltan, collen unha pelota grande coas dúas mans, camiñan na punta dos pés, fan quebracabezas, constrúen torres de máis de quince pezas, xutan o balón, controlan a marcha perfectamente no seu inicio e freada, aínda que non controlan moito os xiros.

Interésanse por coñecer o seu propio corpo e o dos demais: observan a súa imaxe no espello e gozan disfrazándose e pintándose. Tamén son capaces de descubrir que parte da figura humana está incompleta, completala e identificarse como neno ou nena.

Continúan traballando en consolidar logros no ámbito da hixiene e coidado persoal,

utilizan os cubertos para comer, vístense e íspense con axuda, etc.

Mostran as súas primeiras estratexias de inserción social: gústalles participar en actividades de grupos, saúdan persoas que coñecen, prestan atención ás demandas dos adultos, ao inicio da etapa xogan xunto con outros nenos e nenas, e pouco a pouco xogan con eles/as e empezan a compartir os xoguetes. Seguen regras básicas de utilización de obxectos e espazos imitando o que fan outros.

Nenos e nenas de catro a cinco anos

Centran o seu interese na realización de movementos cada vez máis precisos como camiñar sobre unha liña en equilibrio, recortar e pegar cousas sinxelas, baixar chanzos con alternancia dos pés, pedalear nun triciclo, etc.

Sérvense dos xogos simbólicos como recurso natural de expresión e representación de situacións cotiás que viven e os preocupan. Caracterízanse con calquera obxecto cotián para simular accións que viven.

Falan en voz alta continuamente para regular as súas accións. Debuxan a figura humana coas súas partes básicas (cabeza, tronco e extremidades), debúxanse a si mesmos en situacións habituais (na casa, no colexio).

Continúan traballando con crecente autonomía no coidado persoal e hixiene. Van ao baño sós, colaboran na limpeza e recollida (da casa e do fogar) tanto cos adultos como cos compañeiros e compañeiras.

O seu comportamento social é cada vez máis adaptado: piden permiso para usar os xoguetes e obxectos de uso colectivo, piden axuda cando teñen dificultades, participan en conversas colectivas, piden por favor e dan as grazas. Falan continuamente e buscan a aprobación do adulto intentando agradalo repetindo o que el di e facéndolle continuas preguntas.

Nenos e nenas de cinco a seis anos

Estes nenos e nenas posúen as seguintes características:

Consolidan os logros que alcanzaron no seu coidado persoal. Séntense cada vez máis seguros nas súas habilidades motrices: trepan por escaleiras, arrandéanse, saltan chanzos, saltan á pata coxa, patinan. En motricidade fina recortan figuras sen desviarse da silueta, trazan números e letras, etc.

Interésanse polos contos e carteis e o que pon neles, expresan as súas preferencias nos contos. Coñecen varias letras e gozan xogando con elas a poñer os seus nomes e cousas do seu interese.

Inventan historias fantásticas e gústalles que lles conten; gozan falando cos demais contando o que fixeron; contan contos e chistes sinxelos; definen palabras e preguntan as que non comprenden; falan de cousas non presentes claramente (o que fixeron no colexio, a que xogarán cos curmáns).

No que respecta ao comportamento social, participan en conversas colectivas respectando normas básicas e poden verbalizar e explicarlles aos demais as regras do xogo ou como realizar unha actividade; son capaces de pertencer a un grupo estable de xogo, colaborar na consecución dun obxectivo común. Escollen os seus amigos e amigas cos que cada vez gozan máis compartindo os seus xogos, interesándose por aprender distintos xogos sociais e de regras.

ALUMNADO EDUCACIÓN PRIMARIA

As peculiaridades máis relevantes dos alumnos e as alumnas nesta etapa, que van condicionar de forma decisiva a intervención docente na aula, son as seguintes:

Desenvolvemento afectivo

Primeiro ciclo

- a) Melloran o control emocional (incentivo-motivo) e desenvolven os sentimentos.
- b) Dependén todavía dos referentes máis significativos (pais, docentes, etc.).

Segundo ciclo

- a) Estabilizan o control emocional e asentán e melloran os seus sentimentos.
- b) Inician a súa independencia respecto aos referentes máis significativos, de camiño cara á autonomía.

Terceiro ciclo

- a) Adquiren unha madurez relativa no control emocional e nos sentimentos.
- b) Culminan a independencia progresiva dos referentes máis significativos e inician a súa autonomía real ao finalizar este ciclo.

Desenvolvemento psicomotor

Primeiro ciclo

- a) Consolidan o esquema corporal: tono, relaxación e respiración.
- b) Controlan as condutas motrices de base: postura, equilibrio e coordinación.
- c) Asentán as condutas neuromotrices: lateralidade, paratonías e sincinesias.
- d) Dominan as condutas perceptomotrices: estruturación espacial, estruturación temporal e ritmo.
- e) Perfeccionan a psicomotricidade grossa e a fina.

Todas estas variables son fundamentais para a consolidación da madurez lecto-escritora, imprescindible para unha aprendizaxe eficaz.

Segundo ciclo

- a) Coñecemento e dominio do esquema corporal.
- b) Coñecemento e dominio das condutas motrices de base.
- c) Coñecemento e dominio das condutas neuromotrices.
- d) Coñecemento e dominio das condutas perceptomotrices.
- e) Coñecemento e dominio da psicomotricidade grossa e da fina.

O dominio da psicomotricidade vai permitir mellorar sustancialmente a comprensión e a expresión de diferentes linguaxes, particularmente da escrito.

Terceiro ciclo

- a) Madurez no coñecemento e dominio da motricidade grossa e fina, no espazo e no tempo.
- b) Madurez no coñecemento e dominio da psicomotricidade grossa e fina, no espazo e no tempo (condutas ligadas ao esquema corporal, condutas motrices de base, condutas neuromotrices, condutas perceptomotrices e condutas ligadas ao movemento: axilidade, flexibilidade, precisión, forza, resistencia, velocidade, etc.).

Estes avances permiten explorar e tomar conciencia das propias posibilidades motrices, psicomotrices, expresivas e lúdicas. En suma, do corpo de forma progresiva e integral, así como das esixencias que presentan o seu coidado e o seu desenvolvemento harmónico.

Desenvolvemento cognitivo

Primeiro ciclo

- a) Atópanse en no estadio evolutivo-madurativo do seu desenvolvemento intelectual das operacións concretas, o que implica a necesidade de manipular (obxectos, linguaxe, etc.) para a formación de conceptos e a súa categorización, aínda que estes sexan todavía moi elementais.
- b) Pasan da intelixencia práctica-intuitiva á operativa (diversidade e organización de operacións), coñecendo a través da súa experiencia persoal e cotiá, evolucionando progresivamente cara a lóxica.
- c) Fan xirar a realidade arredor da súa persoa e a súa actividade.
- d) Detectan e manexan símbolos e signos, que lles permiten aprender e incorporarse aos códigos convencionais.
- e) Utilizan un pensamento sincrético e analóxico, relacionando os elementos por xustaposición, percibindo globalmente a realidade, establecendo analoxías sen realizar análises nin deducións, procedendo indutiva e intuitivamente.

- f) Adquiren progresivamente o pensamento causal, o que lles facilita a explicación real dos feitos, liberándoos do subxectivismo e egocentrismo, establecendo o límite entre o eu e a realidade.
- g) Manifiestan gran curiosidade intelectual, interesándolles o porqué das cousas.
- h) Usan a repetición e organización, as estratexias da linguaxe escrita (madurez), o estudo, a atención e a memoria.
- i) Avanzan no coñecemento de feitos (declarativo) e procesos (procesual).
- j) Conceptualizan o número e as súas operacións.
- k) Realizan clasificacións e seriacións.
- l) Inician e desenvolven a descentración, a reversibilidade e a conservación.
- m) Inician e desenvolven as operacións aritméticas, lóxicas, físicas (materia, peso e volume), espaciais (topolóxicas, proxectivas e euclidianas), temporais e cinéticas.
- n) Inician e desenvolven a metacognición.
- ñ) Desenvolven progresivamente a capacidade de observación.
- o) Toman conciencia da permanencia do obxecto, das súas cualidades e da importancia dos seus cambios, o que facilita o traballo con nocións físicas e matemáticas, e con procesos cíclicos de transformación.
- p) Melloran a función de representación do seu pensamento, ampliando a concepción do espazo e o tempo, todavía de forma elemental.
- q) Desenvolven funcionalmente a linguaxe, o que determinará a estruturación do seu pensamento.

Segundo ciclo

- a) Atópanse no mesmo estadio evolutivo-madurativo de desenvolvemento intelectual, aínda que cada vez necesitan menos manipular para a formación de conceptos e a súa categorización, notándose xa maior nivel.
- b) A intelixencia é cada vez máis operativa e lóxica.
- c) A realidade pasa a ser máis obxectiva progresivamente.
- d) Dominan o manexo de símbolos e signos de códigos convencionais, o que favorece a capacidade de representación e a aprendizaxe da lingua escrita, a numeración, a representación espacial e gráfica, e a lectura da imaxe.
- e) Pasan da explicación por xustaposición (organizando e explicando a totalidade en fragmentos sen conexión coherente) á lóxica (por categorías socialmente elaboradas e facilitadas polos adultos).

- f) Incrementan a capacidade de introspección, co que o pensamento é cada vez máis causal e comeza a ser máis analítico e dedutivo.
- g) Experimentan un cambio cualitativo no xeito de organizar a realidade.
- h) Manifiestan maior curiosidade intelectual.
- i) Consolidan a noción de conservación.
- j) Observan cambios en situacións e fenómenos do mundo físico e poden describilos, comparándoos e establecendo relacións de diferenzas e semellanzas.
- k) Afianzan a diferenza entre os feitos enfenómenos físicos e os psicolóxicos.
- l) Exploran as características dos materiais que utilizan.
- m) Utilizan cada vez mellor as estratexias da linguaxe, o estudo, a atención e a memoria comprensiva.
- n) Melloran sustancialmente o seu coñecemento, operando mellor de maneira progresiva.
- ñ) Desenvoven a metacognición a través da autorregulación da súa actividade.
- o) Incrementan a capacidade lingüística, consolidando a lingua materna e ofrecendo a posibilidade de ensinalles unha segunda lingua.

En xeral, reafírmanse as adquisicións do ciclo anterior e poténcianse novos desenvolvementos que serán básicos para o seguinte ciclo, onde se culminará o período das operacións concretas, introdutorio das operacións formais, que leva á autonomía persoal.

Terceiro ciclo

- a) Culminan o estadio evolutivo-madurativo das operacións concretas, introducíndose paulatinamente no das operacións formais, o que facilita o tránsito do mundo do concreto e do real ao mundo do abstracto e do posible. Isto permite o desenvolvemento das capacidades para construír abstraccións cuxo significado orixínase na propia experiencia, e para illar as cualidades dos obxectos e establecer relacións entre eles mediante atributos, características e propiedades.
- b) Conseguen a madurez lóxico-operativa e inician a especulativa, o que facilita a posibilidade dun coñecemento cada vez máis elaborado (científico), non só a través da experiencia.

- c) Acadan a percepción obxectiva, instrumental e especulativa da realidade, desenvolvendo a curiosidade intelectual, a observación, o control dos procesos de intervención, o interese pola explicación rigorosa, a interpretación dos resultados, a xeralización, etc.
- d) Dominan símbolos e signos, aumentando as súas posibilidades de aprendizaxe sistemático (lecto-escritura, sistemas de numeración, linguaxe musical, códigos de representación espacial, etc.) e da súa utilización (buscando e elaborando novas informacións, reestruturando as que xa se posúen, relacionándoas coas conclusións e construíndo o coñecemento de si mesmos, e do mundo que nos rodea).
- e) Desenvolven as capacidades para apreciar e disociar as cualidades os obxectos e fenómenos (cantidade , lonxitude, distancia, peso, volume, movemento, etcétera), lo que implica percibir y tomar conciencia de la realidade e estabilidade dos obxectos, as súas cualidades e os seus cambios; construír un importante conxunto de nocións físicas e matemáticas, e traballar na comprensión dos procesos de transformación e da existencia e funcionamento de regularidades ciclos (da auga, das plantas, etc.).

En suma, culminan a etapa coa madurez das capacidades que levan ao coñecemento e dominio de si mesmos, esencial para poder coñecer e dominar o mundo que nos rodea, facilitando a construción da autonomía intelectual, moral e social a través da autonomía no propio proceso de aprendizaxe.

Desenvolvemento da personalidade

Primeiro ciclo

- a) Consolidan progresivamente o seu autoconcepto, a súa autoestima e a súa eficacia.
- b) Melloran e estabilizan a estima dos demais.
- c) Definen o carácter.
- d) Manteñen unha sexualidade latente.
- e) Adaptación progresiva á escola.

Constrúen progresivamente a súa personalidade, partindo da toma de conciencia de si mesmos e da súa estima e da dos demais.

Segundo ciclo

- a) Asentan a súa identidade, estabilizando e mellorando as características do anterior ciclo: autoconcepto, autoestima, eficacia e a estima dos demais.
- b) Regulan o carácter.
- c) Manteñen a latencia sexual.
- d) Desenvolven unha gran capacidade de esforzo e entusiasmo.

Aumentan as súas posibilidades, asentando e mellorando o seu autoconcepto, autoestima, eficacia e carácter.

Terceiro ciclo

- a) Consolidan a súa identidade, tomando conciencia e aceptando as súas propias capacidades e limitacións e a dos demais, dando solidez a o seu autoconcepto, autoestima e eficacia.
- b) Dominan o carácter e controlan os seus impulsos.
- c) Inician a puberdade, coa maduración dos caracteres sexuais secundarios e a culminación da madurez sexual.

En xeral, consolidan a súa identidade, dando paso ao comezo da autonomía personal (de aprendizaxe, intelectual, moral e social).

Desenvolvemento social

Primeiro ciclo

- a) Profundizan no coñecemento interpersoal (interés polas características dos demais) e as relacións (eu comunitario = amigos).
- b) Manifiestan un razoamento e comportamento moral diversificado.
- c) Consolidan e amplían o seu proceso de socialización, relacionándose cos demais, respectando regras, dialogando-escoitando e cooperando.
- d) Iníciáanse certos comportamentos autónomos dentro da heteronomía que viven.
- e) A través do xogo pasan da anomía á heteronomía e á autonomía.

Van pasando progresivamente do egoísmo propio da etapa anterior ao coñecemento, aceptación e relación cos demais.

Segundo ciclo

- a) Interésanse pola cooperación e a participación.
- b) Desenvolven a capacidade para aceptar o punto de vista dos demais (redución do egocentrismo).
- c) Descubren intereses comúns, relacionándose aínda máis cos demais, respectando as normas etomando decisións conxuntas.
- d) Adquieren paulatinamente máis autonomía.
- e) Intégranse progresivamente noutros ambientes sociais fóra do ámbito familiar.
- f) O grupo de iguais comeza a ser moi importante para eles.

A partir de intereses comúns, intensifican as relacións cos demais, establecendo lazos profundos de amizade .

Terceiro ciclo

- a) Incrementábase a interacción entre iguais e a convivencia en grupo: cooperando, participando e estreitando lazos de amizade.
- b) Avanzan notablemente no coñecemento, a empatía e a aceptación dos demais.
- c) Aprenden normas e desenvólvense con facilidade en sistemas de organización social.
- d) Progresan na construción dunha moral autónoma, asimilando sistemas de valores e crenzas e desenvolvendo actitudes positivas.
- e) O grupo de iguais adquire o seu maior relevo.

En xeral, culmínase a fase heterónoma coa inestimable axuda do grupo de iguais e do xogo, básicos para a introdución e construción da autonomía persoal e social.

En suma, os tres ciclos da Educación Primaria caracterízanse por:

Primeiro ciclo (6-8 años)

- Necesidade de atención aos alumnos a ás alumnas de diversa procedencia en canto a súas aprendizaxes previas.

- Existencia aínda dunha gran dependencia do alumnado respecto ao profesorado e ao núcleo familiar, tanto no plano afectivo como no desenvolvemento do traballo.
- Principais características:
- Inicio da adquisición das destrezas instrumentais básicas.
- Aplicación destas á obtención de determinadas capacidades e coñecementos culturais.

Segundo ciclo (8-10 años)

- Empeza a haber unha maior capacidade nos alumnos e nas alumnas para interesarse por aspectos máis detallados da realidade, o que facilitará a ampliación dos campos do coñecemento que se aborden.
- Adquire maior relevo o traballo cooperativo, e o individual empiza a ser cada vez máis autónomo.
- A dependencia afectiva do alumnado cara ao profesorado vaise reducindo.
- Principais características:
- Afianzamento das destrezas iniciadas no ciclo anterior.
- Introducción de novas técnicas e estratexias de traballo, que van facilitar o coñecemento e dominio do medio.

Terceiro ciclo (10-12 años)

- Ampliación dos intereses dos alumnos e as alumnas máis alá da realidade inmediata e desenvolvemento da curiosidade cara outras realidades.
- Autonomía suficiente do alumnado respecto ao profesorado.
- Capacidade para considerar e integrar distintos puntos de vista para participar en traballos de equipo.
- Principais características:
- Perfeccionamiento das destrezas básicas.

- Presentación de tarefas de maior complexidade intelectual.
- Dominio das técnicas de traballo intelectual.

ALUMNADO EDUCACIÓN SECUNDARIA

A Educación Secundaria Obrigatoria coincide cun dos períodos máis importantes e críticos do desenvolvemento persoal: a adolescencia. Toda unha experiencia, apaixonante e complexa, chea de importantes cambios físicos, persoais e sociais. Este torrente de cambios inflúe de xeito notable no carácter dos rapaces e as rapazas, no seu comportamento e, por suposto, no rendemento escolar.

Cada neno e cada nena posúen unhas pautas e un ritmo individual de crecemento, determinado polo seu ámbito sociocultural, que marca as diferenzas e a diversidade nun mesmo nivel de desenvolvemento. Non obstante, será útil repasar de forma moi xeral os trazos que definen a personalidade nesta etapa da adolescencia.

- Aceleración do desenvolvemento físico

A puberdade maniféstase con fortes e imparables cambios físicos: aumentan a estatura e o peso, cambian a voz, teñen lugar importantes cambios nos órganos sexuais, aparece peluxe corporal e facial, desenvólvense os seos... Rapaces e rapazas viven este proceso preocupados pola súa imaxe, o que afecta, en ocasións, á súa autoestima.

- Conflitos emocionais e egocentrismo

Non é doado abandonar definitivamente a infancia; ao adolescente encantaríalle ser maior, pero asústano e desconcértano os rápidos cambios que experimenta. Non é estraño, polo tanto, que se produzan irregularidades no seu temperamento ou que experimente fortes emocións e sentimentos; todo iso, ademais, vivido xeralmente cun marcado egocentrismo.

- Gran desenvolvemento das capacidades intelectuais e cognitivas

Co inicio da puberdade, comeza a espertar o pensamento abstracto ou formal, é dicir, desenvólvese a capacidade para empezar a pensar de forma máis científica e

reflexiva. Rapazas e rapaces serán cada vez máis capaces de realizar actividades que impliquen procesos de argumentación, formulación e comprobación de hipóteses e resolución de problemas.

- Cambios nas relacións sociais

Neste período prodúcese unha progresiva emancipación do ámbito familiar e aparece con forza o sentido da amizade e do grupo. Os adolescentes comezarán a compartir, con maior intensidade, metas, intereses e valores comúns. É o momento en que igualan a súa forma de vestir, as formas de expresión, os gustos musicais, etc., e empezan a mostrar interese polo sexo.

3- CARÁCTER PROPIO DO COLEXIO PLURILINGÜE CASA DE LA VIRGEN

O colexio Plurilingüe «Casa de la Virgen» ten Identidade Propia, sendo un Centro Privado Concertado en Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria; Privado en Bacharelato.

Ten Identidade Cristiá e Católica, inspirada na Doutrina Evanxélica de Cristo e nas directrices da Igrexa.

A Titularidade exercea a FUNDACIÓN BENÉFICO-DOCENTE “CASA DE LA VIRGEN”.

A NOSA FINALIDADE é formar homes e mulleres novos, cun novo modo de ser e de facer na vida, nas súas perspectivas persoal, social e relixiosa.

Concebimos a Educación como un todo harmónico, que permita o desenvolvemento e a formación integral do home, en plenitude de dignidade e liberdade cristiás.

1.- Carácter Propio

A identidade e carácter propios deste Centro deben ser recoñecidos e aceptados como tales por toda a Comunidade Educativa: Nais/Pais, Profesores, Persoal e

alumnos, así como o Proxecto Educativo e as Normas Básicas de Convivencia, recollidas no Plano de Convivencia de Centro.

Este Centro non ten opción política algunha, e só educa para a máis xusta e verdadeira personalidade e convivencia.

O noso obxectivo fundaméntase na “formación integral dos alumnos de acordo cunha concepción cristiá do home, da vida e do mundo; prepáraos para participar activamente na transformación e mellora da sociedade” (Carácter Propio). A acción educativa baséase nunha pedagogía aberta, flexible e construtiva, que se adapta ás necesidades dos alumnos e que incorpora as innovacións didácticas que a calidade esixe.

Estes principios innovadores son:

- Formación integral dos alumnos de acordo cunha concepción cristiá da persoa, da vida e do mundo: Integración harmónica entre a Fe e o conxunto de saberes, valores, actitudes ..
- Opción polos máis débiles no seu nivel económico, capacidade intelectual ou outro tipo de limitación.
- Vivencia dos valores evanxélicos, a través dos cales revelamos que Deus nos ama.
- Compromiso pola xustiza e a solidariedade universal, cunha participación activa na transformación e mellora da sociedade.
- Relacións e clima educativo baseados na sinxeleza.
- Respecto á vida e á natureza, fomentando a responsabilidade ante o progreso da ciencia e a tecnoloxía.

2.- Obxectivos xerais do Carácter Propio.

Os obxectivos xerais derivados destes principios son:

Educación Integral:

- Desenvolver todas as dimensións dos alumnos/as, para chegar ao máximo das súas posibilidades.
- Proxectar a educación máis alá da aula a través de actividades extraescolares conectando coa vida.

Escola Inclusiva:

- Atender a cada persoa de forma individual, segundo as súas intelixencias, os seus intereses e os seus progresos
- Abrir e formar no respecto á pluralidade étnica, cultural e relixiosa para promover a integración social.

Aprendizaxe-servizo:

- Comprometernos, desde os valores evanxélicos para a construción dunha sociedade máis humana e máis xusta.
- Analizar a realidade con sentido crítico.
- A través da aprendizaxe capacitar ao alumno para servir mellor.

Metodoloxía Innovadora:

- Prepararnos en propostas pedagóxicas innovadoras e de calidade ao alcance de todos os alumnos mediante a continua formación do profesorado.
- Renovarse metodolóxicamente para motivar nos alumnos o compromiso e a paixón por aprender.

Relacións cercanas e de colaboración:

- Crear un ambiente educativo fraterno que supoña sinxeleza, acollida, confianza e alegría.
- Potenciar unha educación baseada na proximidade, dispoñibilidade e cun estilo educativo coherente e de calidade.

Competencia Espiritual:

- Propoñer, educar e acompañar a experiencia relixiosa cristiá.
- Presentar unha proposta explícita da fe en Xesús e apostar polo seguimento.

Formar parte desta comunidade educativa comprometémos a:

- Compartir e achegar, con espírito de servizo, as competencias e habilidades.
- Construír unha comunidade viva na que todos busquen o ben dos demais.
- Potenciar a integración e participación da COMUNIDADE EDUCATIVA para chegar a ser comunidades abertas e dispoñibles.

3.- Colaboración coas familias

A “Casa de la Virgen” cre necesario para a mellor Educación e Formación dos fillos, unha nobre e sincera colaboración cos pais.

O Centro está sempre aberto á mellor e mutua cooperación cos pais e solicita que estes visiten aos respectivos Titores e Profesores, polo menos dúas ou tres veces durante o curso para unha recta axuda e información.

Os pais e alumnos deben cooperar co centro en todo o concernente aos estudos, disciplina e actividades complementarias para unha máis completa formación.

Xunto coas familias, no centro:

- Atendemos a diversidade ofrecendo unha ensinanza adecuada a cada alumno/a segundo as súas necesidades educativas e o seu ritmo de aprendizaxe.
- Damos resposta a unha acción educativa en valores, humanos e cristiáns, educando para a liberdade, a xustiza, a solidariedade, a tolerancia, o amor e a paz.
- Empregamos unha metodoloxía aberta, flexible, actualizada, na mellora permanente, que conduce ao desenvolvemento de capacidades, hábitos de traballo e destrezas intelectuais, acadando un bo nivel educativo.
- Coidamos a acción tutorial e a orientación, potenciando a motivación e o estímulo dos alumnos para que cheguen ao máximo desenvolvemento das súas posibilidades, de forma que estean preparados para a súa inserción responsable na sociedade.
- Para dar calidade e coherencia a esta acción educativa contamos cun equipo de profesores e colaboradores próximos ás necesidades dos alumnos e familias, e coidamos a convivencia no Centro como condición indispensable para crear un clima de traballo, sinxeleza, alegría e confianza

4.- Orde e Disciplina

Os alumnos, profesores e familias han de aceptar libremente as normas básicas de convivencia do Colexio, segundo o Plano de Convivencia de Centro, do que se dará cumprida información a todos os membros da comunidade educativa. No documento de Normas de Organización e Funcionamento de Centro (NOFC), aprobado polo Consello Escolar, infórmase da estrutura organizativa do Centro, dos aspectos relacionados coa participación da comunidade escolar na vida do centro, concrétnanse as normas de convivencia do Centro, a aplicación de medidas para a promoción da convivencia e dos mecanismos de mediación, ademais do establecemento de medidas correctoras e sancionadoras.

5.- Valores.

Desenvolven a dimensión cognitiva, afectiva, social e trascendente da persona.

VALORES	ACTITUDES
1. Ecoloxía e vida	- Coidado da saúde do corpo - Equilibrio da vida - Prevención - Respecto e cuidado do contorno - Asumir actitudes ecolóxicas - Desenvolvemento sostible
2. Sensibilidade	- Atención ó que nos rodea aprendendo a valoralo - Empatía co outro en diferentes situacións - Gozar e disfrutar do cotiá - Compasión, tenrura e humanidade - Beleza e gusto artístico
3. Sentido crítico	- Apertura - Búsqueda da verdade - Análise reflexivo da realidade - Discernimento
4. Creatividade	- Innovación - Búsqueda de camiños novos - Flexibilidade de pensamento - Pensamento diverxente
5. Autoestima	- Comprensión, aceptación e valoración dun mesmo - Reflexión sobre as propias posibilidades

	- Aceptación das limitacions e fracasos
6. Liberdade	- Autonomía persoal - Asertividade - Valentía para elixir o ben aínda que non sexa ó xeralmente aceptado. - Sentido democrático
7. Verdade	- Transparencia - Honradez, franqueza - Autenticidade - Coherencia no pensar, falar e actuar. - Sinceridade
8. Sencillez	- Apertura, acollida e cercanía nas relacións - Naturalidade e espontaneidade - Humildade
9. Amor	- Amizade - Entrega e compromiso - Amabilidade e cordialidade - Tenrura - Fidelidade - Solidariedade - Resiliencia - Lealtade
10. Esperanza	- Alegría - Visión positiva da realidade - Optimismo

	- Gozo
11. Responsabilidade	- Cumprimento do deber. -Coherencia coas decisions tomadas, asumindo as consecuencias dos propios actos. - Fidelidade ante os compromisos adquiridos. - Participación e colaboración responsable - Superación e traballo - Esfuerzo e constancia
12. Paz	- Apertura ó diálogo. - Mediación na resolución de conflitos. - Non violencia, respecto, tolerancia. - Perdón
13. Xustiza	- Sensibilidade ante situacións de inxustiza. -Toma de conciencia dos dereitos e dos deberes de cada un - Defensa da dignidade e dos Dereitos Humanos
14.Servizo	- Atención as necesidades dos demais -Dedicación do propio tempo a favor dos demais - Xenerosidade - Gratuidade - Cooperación - Habilidades prosociais - Disponibilidade
15. Respecto	-Coidado nos xestos, evitando actitudes agresivas. - Aceptación dos demais como son. - Coidado do contorno e dos bens alleos - Valoración e coidado da vida.
16.Interioridade	- Trascendencia - Silencio, reflexión e profundidade

	- Búsqueda do sentido. - Proxección da fe na vida cotiá - Comunicación con Deus de modo natural e sinsele
--	---

4.- ANÁLISE DO CONTEXTO

Intereses:

O alumnado da actual xeración actúa como espello dunha cultura adulta onde a intelixencia emocional é a clave para acadar a felicidade na vida familiar, de parella, de amizade e social, para acadar a autorrealización na vida vocacional e profesional e para a felicidade persoal.

É unha xeración "autoconstructiva". Buscan constantemente a independencia. Queren aprender a facer as cousas e queren facelas por si solos, non toleran as dependencias, as instrucións, os sermóns...

É a xeración das redes sociais. Para eles a amizade ten un valor supremo. Son a xeración do millón de amigos, adícanlles moito tempo, comparten con eles a súa vida, sentimentos, fotos, música, vídeos, experiencias, deporte... Teñen unha rede de amigos "reais" e outra rede "virtual", con moitos amigos comúns a ambas.

Potencial:

Un dos maiores potenciais é que nos atopamos ante unha xeración positiva, que é moi enérxica e optimista ante a vida.

Carencias:

O alumnado está necesitado de cariño, porque é unha xeración que vive en soidade moito tempo. Necesitan ser escoitados, expresar os seus sentimentos.

É unha xeración sobreprotexida, que retrasa demasiado as súas experiencias de autonomía real. Tamén é unha xeración que ten baixa tolerancia ao fracaso, ao error, ao defecto, ao dolor e a a perda.

Á vez que é unha xeración social, é tamén unha xeración individualista. Teñen dificultades para a calma e quietude, para a relación na intimidade, e para a expresividade de sentimentos persoais.

Ámbito do coñecemento: xeración tecnolóxica e diverxente.

Intereses:

Esta é unha xeración tecnolóxica, porque a maioría dos seus intereses emocionais, culturais ou sociais están soportados pola tecnoloxía. Xeración interconectada, onde a tecnoloxía, é para eles unha axuda humanizadora para conectarse con persoas e co mundo.

É unha xeración diverxente, creativa, que utiliza un pensamento caótico, multifactorial e hipertextual. É una xeración proactiva - hiperactiva.

Potencial:

É unha xeración con ganas de aprender sempre que se utilice a metodoloxía adecuada. O uso da tecnoloxía, material multimedia, música, vídeos, escenificación, así como unha didáctica baseada en traballos de investigación, traballo por proxectos, aprendizaxe cooperativo, aprendizaxe autónomo, intelixencias múltiples, pensamento crítico, etc.

Carencias:

Alguns alumnos encérranse nun mundo que os illa dos demais e estes comportamentos poden dificultar o seu desenvolvemento emocional.

Esta xeración experimenta dificultades para a atención, a concentración, a quietude, o silencio, a escoita...

Ámbito espiritual: xeración postmaterialista e transracional.

Intereses:

É unha xeración moi alonxada do imaxinario relixioso, cargado para eles de connotacións sociolóxicas e ideolóxicas negativas ou carentes de significado. Sen embargo é unha xeración que amosa moita sensibilidade espiritual.

Os alumnos viven esta necesidade existencial e espiritual desde un paradigma transracional, sobre todo a través dos sentidos, máis alá da transmisión de ideas abstractas e dogmáticas.

Potencial:

Esta xeración desprende os prexuízos anticlericais do pasado. A pastoral vivencial e sistémica é un marco potencial para os procesos de apertura á fe.

Carencias:

Algúns viven unha espiritualidade alonxada da tradición e non superan vivencias relixiosas simplistas ou cargadas de infantilismo. Son capaces de reflexionar, de bucear no seu interior, algúns incluso meditan, pero son incapaces de compartir as súas vivencias e a súa fe nunha expresividade comunitaria.

Outros caen en posturas pseudomísticas, olvidándose do compromiso social ou coas persoas do seu contorno.

Familias**Intereses:**

Están preocupadas pola educación dos seus fillos, aínda que adoitan dar moita importancia ás notas académicas. Teñen a sensación de que ninguén lles ensinou a educar aos seus fillos, que non teñen o manual de instrucións.

Potencial:

As familias actuais souberon adaptarse ao paradigma emocional, son máis cálidas, permiten maior autonomía aos seus membros. Os pais e nais son máis cercanos. O valor fundamental non é tanto o mantemento da estrutura familiar como a estabilidade e satisfacción emocional dos seus membros.

Carencias:

As familias son sobreprotectoras, están tan preocupadas e temerosas pola seguridade dos seus fillos, do seu sufrimento, do seu futuro que os protexen de experiencias dolorosas, de riscos, e incluso fracasos académicos.

Son pouco asertivas, non saben comunicar aos seus fillos que na familia pode haber aspectos non negociables. Tampouco saben que hai moitos que son negociables e que a mellor forma de que os fillos asimilen as normas é que eles participen na súa elaboración.

Claustro**Intereses:**

O que máis valoran é vir contentos a traballar, atoparse cun ambiente positivo, cun estilo directivo que valora expresamente, verbalmente, os logros que acadan individualmente e como grupo. Que se coiden os detalles que contribúen á cohesión emocional como equipo non solo de traballo, senón como equipo humano. Ter unha sala de profesores personalizada, que non solo sexa espacio de traballo, senón tamén espacio de encontro, de diálogo, de apoio, de relax, de benestar.

Necesitan sentir seguridade laboral e orientación profesional. Queren saber cal o seu lugar no centro, de onde veñen, onde están, onde van, qué función e rol ocupan no centro, na institución. Que a titularidade e os equipos directivos transmitan liderazgo e unha dirección común a todos que encarne o proxecto educativo da institución.

Necesitan axuda para adaptarse a un alumno distinto, dunha xeración distinta, con intereses, valores e conductas distintas, cos que non serven os esquemas do pasado.

Necesitan maior apoio das familias, respaldo do equipo directivo cando xorden conflitos e sobre todo formación para implicar ás familias mediante fórmulas vivenciais que convoquen.

Potencial:

Evolucionaron e melloraron nos últimos anos, asumindo un cambio pedagóxico, acadado mediante anos e anos, cursos e cursos de formación, pasando de modelos pedagóxicos que priorizaban o académico e a avaliación solo de contidos, a modelos que priorizan a aprendizaxe de competencias persoais, sociais desde o modelo aprender a aprender.

Vanse implicando na titoría como foco estrutural de modelo personalizador e socializador.

Case todos os educadores implícanse na tarefa pastoral.

A convivencia deixou de ser unha obsesión e converteuse nun espazo para educar. Séntense con maior autoridade moral, desde unha actitude de respecto e de empatía.

Carencias:

Custa a alfabetización dixital do profesorado.

É moi lenta a implantación de modelos de innovación: traballo por proxectos, aprendizaxe autónomo do alumno, aprendizaxe cooperativo, recursos multimedia, redes sociais, recunchos, agrupamentos flexibles, traballos de investigación, metodoloxía inductiva, pastoral desde umbrais, etc.

Institución

Intereses:

O interese ou necesidade máis importante é a de sentir que a opción pola educación merece a pena, como aposta institucional por un espazo que permite concretar un proxecto evanxelizador, sentir que os laicos e os claustros comprométense coa pastoral, o ideario institucional e o carisma.

Tamén lles interesa a formación nunha continua actualización de tipo teolóxico (formación bíblica, cristolóxica, eclesiolóxica e en oración) e unha actualización pastoral e sociolóxica (novas linguaxes, comprensión do universo cultural do alumno, actualización tecnolóxica...)

Necesitan formación emocional para que as súas comunidades volvan a estar repletas dunha afectividade, e que nestes momentos é imprescindible para coidar por dentro a persoas que se adican a coidar por dentro aos demais.

Potencial:

Un gran potencial é que están altamente valoradas polos laicos, senten que encarnan o espírito institucional, valoran a cercanía e o apoio emocional que amosan e valoran a súa visión de futuro.

Carencias:

Problemas estéticos: as comunidades, as formas, as estruturas, os espazos poden estar alonxados da estética da cultura actual e producen un rexeitamento nos laicos. A falta de vocacións está xerando desilusión. As potenciais vocacións necesitan ver comunidades que encarnen un estilo de vida alternativo, necesitan ver un referente seductor que sexa atractivo desde o punto de vista formal, ideolóxico e vocacional polo que valga a pena apostar.

Proceso de aprendizaxe e sistema educativo

Intereses:

Pasar dunha didáctica da motivación a unha didáctica da automotivación
Pasar da aprendizaxe individual ao aprendizaxe cooperativo.

Pasar do paradigma do libro ao paradigma de internet, dos mass-media, das habilidades de comunicación.

Potencial:

Obsérvase certo reencantamento pedagóxico, é dicir a necesidade de utilizar metodoloxías experimentais para adaptarse aos profundos cambios sociais e xeracionais e para superar a disrupción e o bloqueo educativo que xorde en determinados centros e determinadas aulas.

Carencias:

Os continuos cambios lexislativos e a disparidade de criterios e incoherencias entre as distintas lexislacións e normativas autonómicas e estatais xeraron gran escepticismo en moitos educadores.

A discriminación que sofre a escola concertada na financiación limita moitas iniciativas.

Os cambios nos procesos de aprendizaxe son moi lentos. A maioría das aulas seguen tendo un enfoque académico na aprendizaxe, punitivo na convivencia, pouco integrado coas tecnoloxías, coas mesas dos alumnos en filas, priorizando os contidos sobre as competencias.

PLANS DO CENTRO

O Proxecto Educativo de Centro inclúe os seguintes plans:

- Plan de Convivencia e Normativa de Organización e Funcionamento do centro.
- Plan de Atención á diversidade.
- Plan de benestar e protección do alumno.
- Programa de habilidades sociais.
- Plan de acción tutorial.
- Plan de animación pastoral.
- Plan de igualdade.

- Plan de orientación académica e profesional.
- Plan Dixital.
- Proxecto lingüístico.
- Proxecto lector.
- Protocolo de prevención del acoso escolar y ciberacoso.